



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito marítimo

Materia	Dereito marítimo			
Código	V08G080V01928			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Torres Pérez, Francisco José			
Profesorado	Torres Pérez, Francisco José			
Correo-e	ftorres@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>A finalidade desta materia é acadar un coñecemento xeral sobre o Dereito marítimo actual.</p> <p>Para elo partimos dun concepto amplo de Dereito marítimo. Por tal motivo, ao longo do programa atopamos temas de Dereito público (espazos da navegación e ordenación administrativa) e de Dereito privado.</p> <p>A docencia teórica complementábase con prácticas e traballos de seminario que se focalizarán naqueles aspectos que soen xerar maior litixiosidade.</p>			

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer as principais institucións xurídicas
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais
A6	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
A7	Coñecer as estruturas sociopolíticas do ámbito nacional e internacional
A8	Ser quen de argumentar xuridicamente
A10	Ser quen de aprehender sistematicamente o ordenamento xurídico
A11	Ser quen de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
A12	Ser quen de manexar fontes xurídicas
A13	Ser quen de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico
A14	Ser quen de comprender e de redactar documentos xurídicos
B1	Capacidade de síntese e análise
B2	Capacidade de aprender
B3	Capacidade de xestión da información
B5	Capacidade para organizar e planificar
B6	Resolver problemas de forma eficaz
B7	Aplicar pensamento crítico, lóxico e creativo
B8	Traballar de forma autónoma con iniciativa
B9	Traballar de forma cooperativa
B12	Comunicarse de xeito efectivo nun entorno de traballo (habilidades nas relacións interpersoais)
B13	Traballar desde unha perspectiva comparada, manexando información comparada

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer os principais organismos internacionais (tanto públicos como privados) que promoven lexislación marítima e usos uniformes para o sector.	A1 A6 A7
Identificar aos diferentes suxeitos intervintes no sector marítimo-portuario e dilucidar cal é a súa responsabilidade	A2 A7 A10

Manexar correctamente as fontes legislativas, as pólizas e os contratos mais usuais no transporte marítimo	A10 A11 A13 A14	
Resolver de forma razoada os problemas xurídicos plantexados	A8 A10 A11	B1 B3 B6 B7
Elaborar informes de carácter xurídico e realizar a súa presentación	A8 A11 A12	B2 B3 B5 B7 B8 B9 B12 B13

Contidos

Tema

TEMA 1: Fontes e concepto de Dereito Marítimo	I.- Fontes 1.- Ordenamento xurídico interno 2.- Corpo normativo internacional 1) Organizacións productoras e promotoras de lexislación marítima 2) Problemas de aplicabilidade da normativa internacional II.- Concepto de Dereito Marítimo.
TEMA 2: Espacios da navegación	I.- Introducción: a navegación no Dereito do Mar II.- Réximes da navegación polos diferentes espacios 1.- Augas interiores 2.- Mar territorial 3.- Estreitos internacionais 4.- Zona contigua 5.- Zona económica exclusiva 6.- Plataforma continental 7.- Augas archipeláxicas 8.- Alta mar.
TEMA 3: Ordenación administrativa da navegación	I.- Administración marítima 1.- Administración Central 1) Órganos centrais 2) Órganos periféricos 2.- Administración autonómica II.- Réxime administrativo da navegación 1.- Supostos especiais de navegación 2.- Escala en portos 3.- Intervención sobre buques.
TEMA 4: O empresario marítimo	I.- Conceptos de navieiro e de propietario de buque II.- Réxime xurídico do navieiro III.- Publicidade rexistral do navieiro 1) Publicidade no Rexistro Mercantil 2) Publicidade no Rexistro de empresas navieiras IV.- A limitación de responsabilidade do navieiro 1) Xustificación e plantexamento xeral 2) A limitación de responsabilidade no ordenamento xurídico interno 3) A limitación de responsabilidade no eido internacional 4) Responsabilidade por danos debidos a contaminación.
TEMA 5: Auxiliares do empresario marítimo	I.- Introducción II.- Auxiliares e axentes en terra 1) Xestor do navieiro 2) Consignatario do buque 3) O transitario III.- Auxiliares e axentes a bordo 1) Dotación e tripulación 2) O capitán 3) Outros suxeitos IV.- Brokers.
TEMA 6: O buque	I.- Conceptos básicos e natureza xurídica II.- Rexistro e nacionalidade do buque III.- A propiedade do buque: modos de adquisición da propiedade 1) Introducción: modos de adquisición de dereito privado e de adquisición de dereito público 2) O contrato de construción de buque 3) O contrato de compra venda de buque IV.- Os créditos marítimos privilexiados e a hipoteca naval.
TEMA 7: Contratos de utilización do buque	I.- Contratos de fretamento 1) Introducción: liña tramp e liña regular 2) Modalidades de fretamento na liña tramp 1.- O bareboat charter 2.- O time charter 3.- O voyage charter 4.- O VCOA 3) Modalidades de fretamento en liña regular: o transporte en réxime de coñecemento de embarque. II.- O contrato de pasaxe III.- O contrato de remolque IV.- Outras modalidades contractuais

TEMA 8: Os accidentes e sucesos extraordinarios na navegación	<p>I.- As avarías 1) Concepto e clases 2) A avaría grosa 3) A avaría particular II.- A abordaxe 1) Normas e concepto 2) Responsabilidade Civil 3) A culpa na abordaxe 4) Suxeito responsable III.- Asistencia e salvamento IV.- O remolque extraordinario na mar V.- Os achados e extraccións marítimas</p>
TEMA 9: O seguro marítimo	<p>I.- Introducción ao seguro e ós mercados aseguradores II.- O contrato de seguro marítimo 1) Concepto 2) Características 3) Regulación 4) Clases 5) Elementos persoais 6) Elementos formais 7) Intereses asegurados 8) O risco asegurado 9) Obrigas das partes III.- O coaseguro IV.- O reaseguro V.- Os Clubs de P&I 1) Concepto 2) Orixe 3) Función.</p>
TEMA 10: Procesos marítimos	<p>I.- Embargo de buques 1) Embargo preventivo de buques 2) Embargo executivo II.- A arbitrase marítima III.- Outras especialidades procesuais</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos/análises de situacións	12	24	36
Seminarios	3	12	15
Sesión maxistral	36	35	71
Probas de resposta curta	1	27	28

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Alternando cas sesións maxistrais (clases de teoría) plantexanse casos prácticos que serán resoltos en grupo en horario de clase utilizando a documentación entregada polo docente.
Seminarios	Presentarase un traballo en grupo nunha sesión de seminario a celebrar no último tercio do cuatrimestre.
Sesión maxistral	Consistirán la explicación dos temas propostos (ver apartado contidos). Cunha antelación de 2 días o alumnado disporá na Plataforma Tema do guiñón da materia que se vai a explicar na sesión. E convinte que leven tal guiñón a clase.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Nos horarios de titorías propostos ou ben por correo electrónico a calqueira dos docentes da materia.
Estudo de casos/análises de situacións	Nos horarios de titorías propostos ou ben por correo electrónico a calqueira dos docentes da materia.
Seminarios	Nos horarios de titorías propostos ou ben por correo electrónico a calqueira dos docentes da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Estudo de casos/análises de situacións	Ao longo do cuatrimestre realizaranse sesións de carácter práctico. A asistencia e participación activa nas mesmas valorase como máximo con 3 puntos.	30
Seminarios	Ao longo do cuatrimestre farase unha sesión de seminario. O alumnado deberá informar sobre unha materia previamente seleccionada polo docente. Permitirase o traballo en grupos de como máximo 3 integrantes. O seminario contará como máximo 2 puntos.	20
Sesión maxistral	A participación activa nas clases de teoría servirá para determinar a nota final da materia.	0
Probas de resposta curta	Ao final do cuatrimestre farase un exame sobre o contido teórico e as prácticas realizadas en clase. A nota máxima do exame será de 5 puntos.	50

Outros comentarios sobre a Avaliación

As notas da avaliación continua gárdanse ata a convocatoria de xullo do curso académico seguinte -incluso nunha eventual participación na convocatoria de fin de carreira-.

Para que o exame faga media será necesario acadar unha nota superior a 2 puntos.

O alumnado que non participe en ningunha actividade da avaliación continua será avaliado sobre 10 puntos nun exame final de carácter teórico e práctico. Do mesmo modo será avaliado o alumnado que participe nunha convocatoria de fin de carreira que non corresponda ao curso inmediatamente seguinte no que teña cursado esta materia.

Bibliografía. Fontes de información

GABALDÓN GARCÍA - RUIZ SOROA, **Manual de Derecho de la Navegación marítima**, 3ª edición. 2006,

ARROYO, **Curso de Derecho Marítimo**, 2ª edición. 2005,

PULIDO BEGINES, **Instituciones de Derecho de la Navegación marítima**, 1ª edición. 2009,

GABALDÓN GARCÍA, **Curso de Derecho Marítimo internacional**, 1ª edición. 2012,

ARROYO, **Compendio de Derecho Marítimo**, 4ª edición. 2012,

Legislación Marítima, 5ª edición. 2012,

GONZÁLEZ LEBRERO, **Curso de Derecho de la navegación**, 1ª edición. 1998,

Westlaw-Aranzadi. Repertorio legislación y jurisprudencia),

<http://webs.uvigo.es/servicios/biblioteca/cdrom/frmat.htm>,

Consejo marítimo internacional del Báltico, www.bimco.org,

Comité marítimo internacional, www.comitemaritime.org,

Organización Marítima Internacional, www.imo.org,

ARROYO, I (Director), **Anuario de Derecho Marítimo**,

Toda a documentación referente aos 10 temas que comprende o programa estará a disposición do alumnado en Faitic con 3 días de antelación á explicación de cada tema.

Ademais, ao longo das clases iranse proporcionando outras referencias bibliográficas especializadas e documentación práctica.

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito do comercio internacional/V08G080V01927

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito mercantil I/V08G080V01403

Dereito mercantil II/V08G080V01503
